


Na cidade de A Coruña, o barrio residencial de Cidade-Xardín, destinado a familias de clase media-alta, comezouse en 1921, tendo como modelo un **plano ortogonal** que, ao longo de 30 anos, transformou o espazo de hortas de Riazor nun barrio máis da cidade.



Desde a antigüidade grega e romana, pasando pola época moderna e contemporánea (cando houbo que trazar cidades novas sobre terreos planos ou planificar barrios específicos a construír de xeito rápido), o **plano en dameiro** -taboleiro de damas- foi utilizado de xeito habitual. Tamén no caso de Cidade-Xardín.

Imos imaxinar que nos movemos por unha irreal cidade romana, andando por Cidade-Xardín. Desde a Praza de Portugal, por onde accedemos, ides facer o seguinte “percorrido imaxinario” (apoiándoos na comparativa co plano real de Timgad):

- 1) Entraremos pola “Porta Leste”.
- 2) Percorreremos todo o “decumanus” (rúa Leste-Oeste).
- 3) Trataremos de identificar no plano de Cidade-Xardín a ubicación do suposto “Foro”.
- 4) En vez de localizar as termas, imos localizar no plano outras funcións que hoxe existen en Cidade-Xardín: as sanitarias; localiza os dous complexos hospitalarios que existen e indícaos no plano.
- 5) As casas de Cidade-Xardín son maioritariamente “villas”, mais... Onde estarían no plano as “insulae”? Trata de marcalas no plano.
- 6) Despois de percorrer o decumanus, regresa ao “Foro” e colle o cardo... A que rúa corresponde? Márcaa no plano.
- 7) De todas as actividades propostas, trata de tomar referencia fotográfica co teu móbil, facendo selfies individuais e/ou de grupo.

Na parte de atrás da folla tés reproducido o plano de Cidade-Xardín 2 veces, para que localices nel todos os elementos que se che piden. Ademáis, debes marcar o teu percorrido nun deles.

Plano de Cidade-Xardín



Plano de Cidade-Xardín

